



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 03/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL
O DIA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

En Ordes, a vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e cinco.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERTRE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 31 de xaneiro de 2025, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coas abstencións do Sr. Vázquez Candal e do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase:

- Liquidación orzamentos municipais 2024, aprobada por decreto 25/02/202, cos resultados e magnitudes seguintes: resultado orzamentario positivo 2.466.000,00 euros, remanente de tesourería para gastos xerais positivo 5.018.000,00 euros, aforro neto legal positivo 2.914.000,00 euros, estabilidade orzamentaria superávit 1.811.000,00 euros (14,15 % ingresos non financeiros), regra de gasto: gasto computable 7.874.000,00 euros, límite de débeda 231.000,00 euros, período medio de pagamento a 31/12/2024 2,96 días.
- Facturas que tiveron entrada a 31/12/2024 e a súa situación. Total de facturas recibidas 2.297, rexeitadas 106, anuladas 0, rexistradas no rexistro contable de facturas 41, contabilizadas obrigas recoñecidas 13, pagadas 2.137. Períodos medio de pago trimestral, 1º trimestre 0,80 días, 2º trimestre 2,06 días, 3º trimestre 2,90 días, 4º trimestre 2,96 días.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. EXPEDIENTE CONCESIÓN DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO DE ORDES.

Expediente de concesión a D. Manuel Regos Boquete o título de fillo predilecto do Concello de Ordes (**Expdte. 2024/X998/000442**).

Vista a proposta de nomeamento de fillo predilecto realizada polo Sr. Alcalde-Presidente.

Visto o disposto nos arts. 3, 7 a 11 do Regulamento de Honras e Distincións do concello de Ordes.

Visto o expediente instruído pola Sra. García Gómez no que queda acreditado que a actividade política desenvolvida polo Sr. Regos Boquete dedicada a transformar e desenvolver este municipio, a súa calidade humana e persoal que o levou antepoñer o benestar dos veciños deste municipio por enriba do da súa familia, así como servir con honra ao pobo de Ordes, son feitos que o fan por tanto merecedor desta distinción.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 21/02/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que van a manter o que xa dixeron cando se tramitou o expediente do Sr. Martino Martino. Non están en contra de que se nomeen fillos predilectos, se louve a traxectoria de ninguén. Si que están en contra de que se nomeen fillos predilectos persoas que cobra por facer o seu traballo. Non é pola cor política, por que sexa unha persoa dunha ideoloxía distinta á nosa. Aquí estamos todos servindo ao pobo. Non creen que sexa un mérito especial dedicarse á política



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

para que te fagan fillo predilecto. Aquí están todos para mirar polo noso pobo, pola nosa xente. Non creen que sexa relevante o talante, falar cos distintos grupos políticos para chegar a alcaldía, é o lóxico. A política non é un mérito para ser nomeado fillo predilecto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na proposta da instrutora do expediente os catro primeiros parágrafos veñen a falar da infancia, dos inicios laborais do Sr. Regos Boquete, os parágrafos seguintes o que foi a súa andaina política. Cando calqueira grupo político da Corporación anuncia unha iniciativa política que trae a este pleno cando un se sae un pouco do guión enseguida se nos chama a atención. A instrutora do expediente fillo fincapé non parágrafo nove que a Deputada do PSOE naquel momento e o edil o Sr. Pedreira foron quen de lle abrir as portas da Moncloa, o certo é que na proposta que se lles remite ven dicindo que nesta etapa co apoio das administracións provincial, autonómica e estatal foron quen de seguir desenvolvendo o concello asumindo a relación persoal co candidato socialista que lle abriu as portas de todas elas, ata a da Moncloa. Lendo como está redactado entras as dúbidas se se quere nomear fillo predilecto ao Sr. Regos Boquete ou ao Sr. Pedreira. Lendo a totalidade do seu contido o único que xustifica este nomeamento de fillo predilecto é o parágrafo once actuacións levadas durante a súa traxectoria política. Todo isto criticado por levar ao concello de Ordes a unha débeda de 10,5 millóns de euros. Críticas tamén do grupo político que hoxe propón esta iniciativa. Reiterar o mesmo que dixeron no mes de novembro cando se iniciou a instrución deste expediente. Para o BNG a Corporación municipal non debiera premiar a xente que se amparou no transfuguismo para acadar o goberno municipal. Xa o dixeron cando se tramitou o expediente para nomear fillo adoptivo ao Sr. Martino Martino. Volven a manter o mesmo criterio desta volta. Non teñen nada que lle achacar a nivel persoal a ningunha destas dúas persoas. No é de recibo que a corporación premie este tipo de prácticas. A instrutora do expediente no ano 2015, sacando a hemeroteca, o PP Ordense acusa a Regos na Voz de Galicia de irregularidades nas obras 07/11/2015 “O PP de Ordes ha acusado al Alcalde de Ordes Manuel Regos de certificar obras que no se llegaron a ejecutar, de no ajustarse a los proyectos redactados, de llevar a cabo inversiones que beneficiaban exclusivamente a un amigo. También cuestion la intervención en la piscina climatizada por no instalar suelo antideslizante, entre otras carencias. La edil Susana García afirma que tantas anomalías non foron casuais e está claro que prexudicaban aos veciños”. Dende o BNG manteñen o criterio do mes de novembro e polo tanto non poden apoiar esta proposta.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén ao Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal e instrutora do expediente, que sinala que cando se tramita un expediente deste tipo hai que facer fincapé en dous aspectos, o persoal e o político. O aspecto político aínda que se resume en dous ou tres parágrafos é das cousas que se resaltan da súa época. O aspecto persoal fai un percorrido ao longo da súa vida. Tamén hai que contar anécdotas, non sabe como a tomaron. O certo é que o Sr. Regos Boquete visitou a Moncloa. Vai a negar a hemeroteca, as súas contestacións son unha cuestión de xogo político. As súas verbas foron do que estaba vendo nese momento, pero iso non significa que se lle quite o mérito doutras cousas. Gustaríalle pensar que os que están aquí representando aos veciños de Ordes, pelexando por mellorar a súa vida o fan por algo máis que por unha asistencia ou un soldo. Dende o PP aínda entenden a labor política como un compromiso persoal e un proxecto vital que vai máis aló dos cartos que xustifiquen o seu traballo. So así son capaces de renunciar a todo o que renuncian, e vostedes o saben, a xente que goberna aínda máis, o Alcalde moito máis, cando deciden dar este paso adiante para converterse nos representantes dos nosos veciños. Está convencida de que o Sr. Regos Boquete compartía esta visión política e unha motivación que van máis aló dese interese económico. Visión e motivación que ten máis que ver coas ganas de contribuír coa súa dedicación a por ese grao de area que todos pretenden poñer para ver como prospera a noso pobo. Desta motivación é do que lles está tratando de falar onde as siglas tamén quedan nun



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

segundo plano. O que veñen a debater con esta proposta é o que o PP defendeu dende o primeiro minuto en que presentaron esta iniciativa. A política municipal é un sentimento de pertenza e un compromiso cos nosos veciños. Deixando de lado as posturas partidistas ninguén pode negar que o Sr. Regos Boquete tanto na súa etapa como concelleiro, como ao fronte da alcaldía fixo moitas cousas que si que marcaron un antes e un despois na historia do noso concello. Negalo non sería xusto coa labor, compromiso e dedicación nunha persoa que sempre entendeu a política como un servizo público aos seus veciños, que sempre entendeu a política como ese camiño para conseguir que Ordes sempre tivese todo aquel que a xente que vive merecese ter. No se está a discutir de que maneiras ou de que modos. Polo tanto pídelles que non mestures as cousas, que se aparten desa política de enfrontamento e que dean un exemplo de concordia, entendemento e diálogo que vai moito máis alá dos cartos e das siglas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, adoptou o seguinte acordo:

Nomear a D. Manuel Regos Boquete, fillo predilecto do Concello de Ordes.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 31 de xaneiro de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos non se presenta moción algunha.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A glorieta situada no Campo da Feira de Ordes xera un impacto visual negativo. En contraposición, a glorieta situada na rúa do Paraíso está cuberta de vexetación aumentando a visibilidade da illa central e, con isto, a seguridade. Ademais, axuda a reducir a velocidade das persoas usuarias de forma inconsciente e mellora a estética da contorna.

Por tratarse tamén dunha medida sostible, solicitamos:

Replicar o modelo de dita glorieta no Campo da Feira.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha ide a aceptable, no seu momento se tiña preparado un proxecto vinculado ao champiñón nese entorno no anterior mandato, incluso se analizou no ano 2015 e 2016. Pero a operatividade para múltiples eventos consideran que non procede. É un lugar no que hai que actuar unha vez que teñamos espazos para organizar que a día de hoxe a temos que ocupar para ter todo o máis concentrado posible nese entorno.

- Actualmente, na maioría das instalacións públicas do noso Concello non dispoñemos de contedores/papeleiras para a separación dos residuos.

Entre o lixo que xeramos é habitual atopar mesturado papel, plásticos e restos orgánicos.

Dende o PSdeG entendemos que as administracións públicas son as primeiras que deben promover as prácticas sostibles á vez que se conciencia e educa á poboación.

É polo que solicitamos:

Instalar papeleiras/contedores para a separación de residuos nas instalacións públicas así como indicacións para facelo nos puntos habilitados para tal fin.

Intervén a Sra. Soneira Liñarez, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que se toma en consideración.

- A veciñanza de Ordes manifestou, en diversas ocasións, as súas queixas polas deficiencias de sinalización da Zona ORA.

Tanto a sinalización vertical como horizontal é claramente insuficiente e deficiente polo que, a miúdo, as persoas non teñen coñecemento das zonas que son de pago obrigatorio e das zonas que están habilitadas para o uso do disco.

É polo que solicitamos:

Aumentar e mellorar a sinalización tanto vertical como horizontal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradecería que as queixas teñen sexan máis concretas. A sinalización foi consultada cos oficiais da policía local leva anos a vixente e



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

despois a da ampliación cun deseño da propia policía local cumprindo perfectamente coa normativa e protocolo. Si que hai que admitir que a sinalización horizontal en certas zonas si que está deteriorada, procedéndose cando sexa posible.

- Actualmente, na sede electrónica do Concello de Ordes, non existe a RPT actualizada. O documento que figura na páxina é o pertencente ao ano 2021. Dende iso pasaron xa catro anos e a relación de postos de traballo sufriu diversos cambios.

Por cuestión de transparencia, solicitamos:

Subir á páxina web a RPT actualizada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a última modificación da RPT é do ano 2021.

Intervén o Sr. Secretario que pregunta a que se refire cando di que houbo cambios.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que houbo cambios nos postos de traballo como consecuencia do proceso de estabilización de emprego temporal.

Intervén o Sr. Secretario que sinala que o proceso de estabilización se fixo en función da RPT. Unha cousa é o cadro de persoal que figura no orzamento municipal. A RPT contén o deseño dos postos de persoal do concello, os que se cubriron co proceso de estabilización son os que estaban vacantes, non houbo cambios nesta.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No ximnasio municipal esta semana, o luns, estivo á vista de todas as persoas usuarias a existencia dunha goteira dentro das instalacións, á beira dunha das cintas que hai no ximnasio. Isto supón un perigo para as usuarias ademais dunha mala imaxe das instalacións.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se amañen estas goteiras.

Intervén a Sra. Soneira Liñarez, concelleira delegada de deportes, que sinala que o luns co que choveu non era posible, ata que cambiase o tempo a xente encargada da súa reparación por razóns de seguridade no podía subir ao tellado. En canto sexa posible será amañada.

- No pleno ordinario do mes de xuño de 2024, este grupo municipal trouxo ao pleno o mal estado dalgunhas das marquesiñas da parroquia de Montaos, na N-550, que son utilizadas polas crianzas que van á escola, ademais das usuarias do transporte público. A día de hoxe, seguen no mesmo estado, tal e como se pode apreciar nas fotografías.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que proceda a realizar os trámites necesarios para que as marquesiñas estean en bo estado.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a limpeza faise todos os anos antes da tempada. Non se pode estar todas as semanas ou meses enriba dela, se hai algunha cuestión puntual o comunican e darase traslado á Brigada municipal obras. Ten razón de que hai que ter as marquesiñas nas mellores condicións para os nenos.

- No pleno ordinario do mes de setembro de 2024, rexistramos un rogo conforme instabamos ao goberno municipal á actualización da páxina web da Escola Municipal de Música. A día de hoxe, 5 meses despois, atópase exactamente no mesmo estado. Descoñecemos os motivos polos que non se actualizou.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A actualizar a páxina web da escola de música de cara ao vindeiro curso para que a veciñanza teña acceso a información sobre a Escola Municipal de Música

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que non é unha web municipal, está dentro dun dominio da Banda de música. Non a creou o concello, non a paga, non teñen acceso a ela. Na web do concello fanse as publicacións e se actualiza.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que na web do concello aparece como páxina web da escola municipal de música cunha ligazón a esta. Se non é do concello debería eliminarse esa ligazón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha ligazón máis como outras que hai a outras administracións públicas como información aos veciños. O concello non ten acceso a esta páxina.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Tal e como se amosa nas fotografías que acompañan ao presente rogo, na rolda leste existen varios farois sen as correspondentes tapas de rexistro que deixan os cables e zonas de conexión á vista, o que produce risco de electrocucións (especialmente a nenos e nenas).

Tamén existen outras tapas que se atopan dispostas dun xeito moi precario, amarradas simplemente cunhas voltas de cinta illante e que xa comezan a deixar a instalación eléctrica á vista debido á súa situación de caída inminente. Consideramos desde o BNG que este tipo de solucións improvisadas, resultan pouco efectivas e impropias de calquera tipo de administración pública.

Lembramos a este respecto, o risco que supón esta situación dado que se trata dunha zona próxima a varias instalacións educativas e deportivas.

Por outra banda, producíronse novas interrupcións no funcionamento do alumeadado no paseo da rolda leste. No que vai do mes de febreiro, este grupo municipal ten constancia de que cando menos, os días 03/02/2025, 10/02/2025 e 12/02/2025, o alumeadado nesa zona non estaba a funcionar.

Ademais, cando entra en funcionamento o sistema de iluminación, existen catro farois que non alumean.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Os problemas sobre o sistema de iluminación nesta zona, non é un asunto novo que se trate nun pleno da corporación municipal, mais a día de hoxe seguen sen ter solución.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda de maneira urxente coa reposición das tapas de rexistro dos citados farois, tanto das xa desprendidas, como das deficientemente amarradas.

Adoptar as medidas oportunas para solucionar definitivamente os problemas no sistema de iluminación do paseo da rolda Leste, no cal seguen a producirse apagamentos de xeito reiterado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata de cuestións puntuais, avarías que se dan e hai que deixar desconectado unha fase durante uns determinados tempos. O tema das tapas é unha problemática maior. Comentáronlle hoxe que o problema que tiñan era no enlace onde está a tapa que se oxidaron os anclaxes que fan a suxeición e van ter que tomar una medida distinta. Vendo a ubicación pediuse que coa maior celeridade se dea unha solución idónea á empresa de mantemento.

- No paseo Ramiro Recouso Liste, pódese apreciar a existencia de ata tres niños de avespa velutina, situados nas proximidades da zona na que se atopan os xogos infantís e mais os aparellos para a ximnasia ao aire libre.

Trátase dunha especie invasora, que supón unha ameaza para a biodiversidade autóctona, provocando danos importantes por predación sobre outras especies de insectos (especialmente as abellas), podendo afectar tamén á produción froitícola (dado que tamén se alimenta de froitas). A súa expansión cara zonas urbanas ou semiurbanas, incrementa o risco de picaduras á poboación.

As fotografías demostran que na zona adoitan implantarse colonias desta especie, polo que cómpre actuar de cara a minimizar os riscos nesta zona especialmente sensible, concorrida por persoas de tódalas idades (desde nenos/as a maiores).

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda coa retirada dos citados niños de avespa velutina.

A implantar na zona diversas trampas para avespa velutina, de cara a proceder coa captura do maior número de individuos posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a día de hoxe estes niños están inactivos e non hai posibilidade de que se poidan volver a criar aí velutinas. Pediulle ao xardiñeiro na medida do posible que os descolgase, algún conseguiu facelo pese a altura. Acabarán caendo ao longo das vindeiras semanas ou meses. A labor de trampeo en colaboración co concello faino Tragsa. Non hai inconveniente en que se lle indiquen zonas puntuais onde se quere que se faga ese trampeo.

- Tanto na rúa de Campeiras (a partires do cruce coa rúa Mestre Alfonso Lesta, subindo cara a zona de chalés), como na rúa da Reverencia, existen habitualmente problemas de circulación derivados do dobre sentido de circulación e do estacionamento en ambos marxes, especialmente nos días de feira e durante a celebración de festexos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Na travesía da rúa de Campeiras, existen tamén problemas de circulación derivados do dobre sentido de circulación e do estacionamento nunha marxe, dado que esta rúa dispón dun ancho moito menor ás citadas con anterioridade.

No ano 2017, a Policía Local elaborou unhas propostas de sinalización no casco urbano, entre as que se atopaba a reordenación desta zona, e que achegamos xunto ao presente rogo.

Aínda que na proposta escrita da Policía Local, semella que unicamente fai referencia ás rúas da Travesía da Reverencia e da Travesía de Campeiras, indicando que “En la zona de ReverenciaCampeiras se propone que las dos vías que se reflejan en el plano sean de un único sentido de circulación, pues actualmente son muy estrechas y no es posible ni seguro la circulación en ambos sentidos y el estacionamiento”, o certo é que o plano nº 1 de reordenación do tráfico ao que fai referencia, recolle tamén o establecemento dun dobre sentido de circulación con estacionamento nunha soa das marxes para as rúas de Campeiras e da Reverencia.

Por outra banda, no pleno ordinario do mes de setembro de 2024, desde o grupo municipal do BNG presentamos un rogo demandando a proceder co repintado da sinalización horizontal nas rúas da vila. A resposta do alcalde foi que “as empresas de pintura están saturadas”.

O certo é que cinco meses despois, a sinalización horizontal nas rúas do concello segue sen repintar, o que supón unha situación de escasa visibilidade, incrementando notablemente o perigo en zonas especialmente sensibles, como pode ser por exemplo un paso de peóns.

Resulta difícil de crer (pois do contrario teríamos que falar de incompetencia), que no ano 2024 e no que vai do ano 2025, o concello de Ordes non fose quen de contratar unha empresa de pintura para efectuar os traballos porque “están saturadas”. Lembramos que teñen existido ocasións nas que incluso o persoal da cuadrilla de obras do concello teñen acometido os traballos de repintado, polo que a situación semella mais unha decisión política do goberno municipal mais que unha imposibilidade material de poder efectuar as tarefas.

Xa que estamos a falar da ordenación do tráfico, desde o BNG seguimos a insistir en que se un particular cede unha parcela para que sexa empregada como aparcadoiro disuasorio, non resulta xusto que non perciba unha compensación polo ben social que xera. Neste sentido, desde o BNG defendemos que estas parcelas non deberan pagar o IBI.

Xa se ten debatido en varias ocasións no pleno esta cuestión, sen chegar a acadar ningún tipo de solución ao respecto, polo que desde o BNG facemos unha nova proposta: asinar un contrato de cesión das citadas parcelas entre o concello de Ordes e as persoas propietarias, de xeito que o concello de Ordes abone un alugueiro compensando o IBI aplicado. Dita cesión, sería revogable en calquera momento no que a propiedade quixese dispoñer novamente da parcela (por exemplo para construír...).

Ben seguro que esta medida, contribuiría a dispor no casco urbano de mais espazos para aproveitar como aparcadoiros disuasorios.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Levar os trámites precisos para reordenar o tráfico nas rúas do concello do seguinte xeito:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

a) Prolongar a solución aplicada no primeiro tramo da rúa de Campeiras (entre a rúa do recreo e a rúa Mestre Alfonso Lesta, á totalidade da rúa, establecendo polo tanto dobre sentido de circulación e estacionamento nunha das marxes.

b) Establecer na rúa da Reverencia dobre sentido de circulación e estacionamento nunha das marxes.

c) Establecer na Travesía de Campeiras, un único sentido de circulación en sentido ascendente e estacionamento nunha das marxes.

Proceder de xeito urgente co repintado da sinalización horizontal nas rúas da vila, debido ao estado de deterioro no que se atopa, chegando a dificultar seriamente a súa visibilidade.

Establecer medidas para compensar o IBI ás parcelas cedidas como aparcadoiros disuasorios, como por exemplo a formalización de contratos de cesión abonando un importe que compense o pago do citado imposto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nese informe había sete puntos dos que cinco e medio xa están executados a día de hoxe. Na rúa do Muíño so se peonalizou unha parte non se executou o que fala aquí. Hai proxectos de humanización das diferentes rúas que están en trámite, en proceso, non todos se poden facer. A parte de travesía de Campeiras hai un proxecto, vai a ser descendente en sentido único. A problemática da Reverencia e parte alta de Campeiras tamén a coñecen. Hai que analizar conflitos días puntuais con bastante tráfico con respecto a outros días. Comparte que a solución última é establecer un dobre sentido de circulación en calquera delas estacionamento so a un lado. O repintado, formalizouse un contrato o ano pasado, non puideron vir, a pintura está na nave fai uns meses, a empresa non cumpre co día co que se compromete, o tempo tampouco acompañou. A brigada municipal de obras actúa en casos puntuais non ten os medios para facer unha labor integral de pintado como acontece cos vaos ou reserva de espazo. En canto á compensación, se coñece algunha persoa interesada mándea polo concello e poderemos negociar con ela e analizaremos a súa viabilidade ou solución a acadar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o tema da pintura, aínda que sexa puntualmente polo menos os pasos de peóns que son os máis perigosos si, aínda que sexa coa brigada municipal de obras que fagan un repaso por que non se ven.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son conscientes, non teñen ningún tipo de dúbida. Non o poden pintar para que dentro de quince días estea todo levantado, non estamos nas condicións axeitadas para facer isto en condicións de seguridade. Son bastantes, noventa e tantos para repintar. Esta mesma semana tivo unha entrevista coa empresa, é a realidade. O contrato adxudicouse en agosto/setembro, moito insistiron pero non viñeron.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Durante os pasados anos viña sendo recorrente a celebración da Gala Anual do Deporte no concello de Ordes. Durante o ano 2024 esta gala non tivo lugar e, consecuentemente, non se concederon os premios deportivos.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por que non se celebrou a Gala do Deporte no ano 2024?.

¿Existe previsión de que se cancele este acto de xeito definitivo?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que o pasado mes de xullo mantívose unha reunión con todos os clubs do concello. Un dos temas a tratar foi este. A maioría da xente que falou con nos chegaba á conclusión de que se facía un pouco repetitivo a súa celebración todos os anos, decidíndose espaciala máis no temp. Non saben se será mellor celebrala antes do verán finais de xuño ou deixala para decembro outra vez.

- A veciñanza do Campo da Feira do Mesón do Vento (Ardemil) trasladounos o seu malestar pola tala de árbores na zona. Ademais, indican que os troncos das árbores levan varios meses nas rúas.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por que se tallaron as árbores?.

¿Tense pensado repoñer ditas árbores ou retirar os troncos?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cree que lle chama tronco ao tocón que quedou alí, o tronco foi retirado. Un dos árbores estaba seco, o outro tiña un problema co tendido eléctrico e foron os propios veciños os que se dirixiron ao concello para buscar unha solución, primeiro podouse, seguía o problema e houbo que retiralo. Agora falta a fase de acondicionamento. É unha actuación que fixo a Brigada para saír do apuro, agora necesitan que o albanel o adecente o lugar retire o tocón.

- Varias persoas trasladáronnos que o goberno local lles comunicara a existencia dun proxecto de parque canino no noso Concello.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Existe tal proxecto?

De ser así, ¿existe previsión de executalo a curto prazo? .

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ninguén do goberno local sabe nada disto. Se pode dicir quen lle trasladou isto. Ninguén do goberno local dixo nada.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula as pregunta seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- O 8 de novembro de 2023, colgouse na páxina web municipal unha nova na que o titular era o seguinte: “O concello de Ordes presenta Ordes Enerxía para que a veciñanza aforre na factura da luz”.

Na nova faise mención á presentación desta comunidade enerxética, coma unha iniciativa “deseñada para proporcionar aos cidadáns unha solución asequible e sostible para as súas necesidades enerxéticas...”

De feito, convocábase á veciñanza para asistir a un evento informativo programado xusto para o día seguinte, o xoves 9 de novembro de 2023, na casa da cultura ás 20:30.

Xa pasados 15 meses desde aquel entón, no BNG non temos constancia de que se producisen avances neste sentido, atopándonos cun Ordes sen enerxía.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Produciuse algún tipo de avance para a creación da comunidade enerxética?

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o concello de Ordes presentouse ao programa, houbo un pequeno inconveniente foi todo moi apresurado para facer a reunión pública, a veces as ordes de axudas apremian os prazos, presentouse o proxecto na Fegamp con outros moitos concellos, o noso non foi seleccionado, están agardando novas convocatorias. A problemática é que priorizan os concellos de menos de cinco mil habitantes e moi poucas veces os de menos de dez mil. Como acontece moitas veces coas ordes de axudas temos unha poboación que nos imposibilita estar aí. A parte de preparación da documentación para que se poida constituír unha comunidade enerxética toda de ámbito privado ou con participación municipal coa cesión de cubertas de instalacións públicas para instalación dos paneis esta a plena disposición.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula as pregunta seguintes:

- No pleno ordinario de febreiro de 2024, desde o BNG preguntamos ao respecto da situación da parcela 57 do proceso de concentración parcelaria de Santa Cruz de Montaos, situada a carón do campo de fútbol e que acolle entre outros eventos, a celebración da festa do Rosario.

Segundo nos traslada a veciñanza, no seu día existía un acordo pechado entre o concello de Ordes e o Arcebispado para que dita parcela pasase a ser de titularidade municipal.

A resposta do alcalde foi que “Isto é algo do que non eran coñecedores. Non é de propiedade municipal, é do Arcebispado. Hai unha solicitude feita a Medio Rural 01.11.2008 e outro escrito ao Arcebispado o 01.08.2009. En ningún momento se concretaron as conversacións que se puideron manter. Actuouse en base aos acordos entre a administración e o Arcebispado. Hai que reiniciar as conversacións para a materialización da permuta. Xa se puxo en contacto co Arcebispado sobre esta situación. So houbo trámites iniciais.”



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Logo de transcorrer un ano desde que formulamos esa pregunta, no BNG non temos coñecemento de que se producisen avances de cara a conseguir a titularidade municipal sobre a citada parcela.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Conseguíuse algún tipo de avance a este respecto?.

¿En que situación se atopan as conversas co Arcebispado?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que comeza cunha pregunta ao atreverse a dicir que existía un acordo pechado. No seu día deulle a información toda de que non había un acordo pechado, había unha proposta de permuta. Gustaríalle que vostede e os veciños que teñan claro que había un acordo pechado manteñan unha reunión para que llo aclaren e trasladarlllo ao Arcebispado. No seu día contestoulle sendo descoñecedor de todo isto recabada a documentación. O Arcebispado non ten ningún tipo de problema en que os veciños ou calquera entidade, sempre comunicándollo ao concello, fagan uso de aquela instalación, para calquera tipo de actividade. As negociacións están aberta e veremos a onde conducen, compravenda ou acordo de cesión gratuíta.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que pregunta se a situación é a mesma que antes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se manteñen reunións continuas sobre distintos inmobles cedidos polo Arcebispado para o seu uso.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula as pregunta seguintes:

- No pleno ordinario de novembro de 2023, defendemos desde o grupo municipal do BNG un rogo demandando ao goberno municipal prolongar ata á N-550 a senda peonil que une o Mesón do Vento co lugar do Seixo, ou cando menos acometer unha construción dunha cuneta transitable nese tramo de 300 m.

Recentemente nese tramo, pola marxe esquerda subindo cara á estrada N-550, retiráronse as sebes e achanzouse o terreo.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Vaise proceder na zona coa dotación dunha senda peonil ou dunha cuneta transitable?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a actuarse de acordo coa normativa urbanística vixente cun uso provisional conforme ao artigo 89 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as pregunta seguintes:

- No edificio da antiga escola e do local social de Parada, acometéronse recentemente obras.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Estas intervencións non figuran nas ultimas licitacións publicadas, nin tampouco atopamos referencias á contratación de ditas obras nos decretos de alcaldía referidos aos últimos meses que nos foron achegados.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Que intervencións se acometeron no edificio da antiga escola e do local social de Parada?.

¿Que empresa ou empresas participaron nas mesmas e cal foi o sistema de contratación que se seguiu?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a intervención é unha demanda das propias entidades da parroquia, especialmente da comisión de festas. Faise unha reforma interior para facer un espazo máis amplo unindo dos locais, segundo memoria valorada da técnica municipal de xaneiro-2025. Decidida facer esta actuación tamén se fai a renovación das carpinterías. As empresas que participaron so RL Construciones e Contratas Parada, S.L. por importe de 10.345,00 €, reforma interior e suxeición da estrutura. As carpinterías Manuel Seoane Ferro por importe de 13.910,00 euros, 19 fiestras, renovación completa de todas as carpinterías. As actuacións adxudicáronse por contrato menor art. 118.3 da Lei de contratos do sector público, non hai procedemento de licitación. Órgano de contratación o Alcalde.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas vinte e nove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias